

Un poeta para tódalas estacións

Vicente Araguas

Palabras previas

O primeiro libro de poemas –tan maduro, exacto e reflexivo– de Salvador García-Bodaño deixou de ser inédito o día 24 de xullo de 1967. Un ano este que, ademais de *Opé de cada hora*, alumearía outras dúas pezas importantes na nosa lírica contemporánea. Falo de *Palabra de honor* de Arcadio López-Casanova e de *Entre o si e o non* de Xosé Luís Franco Grande. Mostra a primeira dunha poesía social (ou política) confrontada abertamente co réxime imperante, e xa que logo mutilada polos seus censores. A segunda, en cambio, ía contracorrente do que daquela se escribía. É dicir, o seu autor, dun xeito enganoso a primeira vista, empregaba o *eu* de maneira recorrente, non claro está con motivacións egoístas ou narcisistas senón como afirmación ou procura do mundo propio, se cadra desnortado pero en todo caso presidido –e os logros de Franco Grande non daban mentido– pola autenticidade. *Palabra de honor*, simplificando, era un libro de poesía épica e *Entre o si e o non* de poesía lírica. Ben que aquí e acolá choutaban, en ambos volumes, poemas alleos ao espírito que veño de subliñar sendo interferencias temáticas en libros que, de seu, desenvolvían mensaxes nídias. Por certo que co tempo López-Casanova e Franco Grande evolucionarían as súas poéticas en sentidos opostos. O autor lugués, sen deixar o seu ton épico, viraría cara a unha poesía onde o canto coral de longo alcance cedería de xeito concluínte o protagonismo a un *eu* dorido e condicionado polo exilio que o autor dera en se impoñer. Desta maneira a paisaxe da Terra lonxana, da matria esquecida, reflectiría ou proxectaría no *eu* de López-Casanova a dor da súa ausencia. Ben, ao contrario, Franco Grande nas súas escasas e posteriores entregas abandonaríase progresivamente as invocacións aos *eu* para mudar a súa poética nunha especie de catarse colectiva e liberadora, sendo así que agora os seus poemas tocaban temas –ecolóxicos, sociais, mesmo políticos– que a súa esixencia, a súa importante autoesixencia non consentiría nos anos 60. Agás, naturalmente, aquelas pezas xa comentadas e que, dalgún xeito, servían de interferencia na corrente xeral de *Entre o si e o non*.

Ao pé de cada hora, agora a disposición dos lectores de poesía, se cadra algo máis ca membros dunha confradía endogámica, dentro dun volume cabal e ben ordenado que se chama *Obra poética*¹ e que abrangue a *opera omnia* de Salvador García-

1. A Coruña: Espiral Maior, 1993.

Bodaño, presenta a particularidade de abarcar as dúas tendencias que os libros de Franco Grande e López-Casanova mostraban por separado. Isto é o primeiro libro de poesía de García-Bodaño, publicado cando o seu autor tiña 32 anos –Salvador naceu en Teis (Vigo) en 1935– fala desde o *eu* e máis do *nós*, ten unha visión dupla: individual e colectiva. Un pouco ao xeito do *Entre el clavel y la espada* albertiano ou como fixeran con anterioridade poetas como Miguel Hernández, Pablo Neruda ou Louis Aragon; todos eles comunistas e desde logo puntos de referencia inexcusables cando Salvador García-Bodaño comezaba o seu camiño poético. Estas referencias deberán abondar no seu momento para o *nihil obstat* da esquerda militante diante de libros ata o de Salvador García-Bodaño que combinaba, na súa temática, o amor coa belixerancia; e con todo algo non remataba de canxar para que a «ortodoxía» non aceptase enteiramente *Ao pé de cada hora*. Así as cousas este libro, na altura da súa publicación, sen pasar desapercibido tampouco chegou a acadar a difusión de que era merecente. E terían que pasar os anos, ao cabo os únicos xuíces válidos, para que as cousas ficasen no seu sitio, que o mesmo que ubicar o *début* poético de García-Bodaño nun lugar sobranceiro. Primeiro coa segunda edición de *Ao pé de cada hora*², a anterior saída deste libro estivera tamén a cargo de Galaxia, despois coa terceira edición que é a que agora comentamos. Certo que *Entre o si e o non* de Xosé Luís Franco Grande aínda tivo maiores problemas de comprensión no seu momento. E como reconece Basilio Losada no maxistral prólogo que antepuxo a *Obra poética*:

Un gran libro (*Entre o si e o non*) dun poeta ó que non soupemos ler, enteeda a nosa visión, naquel ano 1967 en que apareceu o libro, por urxencias nobilísimas que confundíamos coa lírica. Ben está que os críticos e os profesores, tantas veces voluptuosos na confusión, entoemos a pali-nodia.

Análise de *Ao pé de cada hora*

Abrese *Obra poética*, loxicamente, con *Ao pé de cada hora* que na súa terceira edición consta dos mesmos poemas que viñan na primeira se ben agora a sección «Pregoeira de ledicia» aparece reducida a tres pezas, pasando tódalas demais a compoñer un novo apartado «Ausencia e noiva baixo as raíces».

«Oracións para os vosos nomes» é o primeiro apartado de *Ao pé de cada hora* e indicativo a través dos seus nove poemas da veta máis sociopolítica da poesía inicial de Salvador García-Bodaño. O poema que abre a sección, e xa que logo o libro, leva significativamente por título «Galicia». Unha Galicia «do si, do non e do quen sabe» que desta maneira entronca co título do primeiro libro de Franco Grande, coincidente no ano de publicación e como xa vimos co *début* poético de Salvador García-Bodaño. Quen na versión definitiva do seu poema muda o remate deste para deixalo en «¿Cando/Galicia verdadeira?» no canto daquel «I eiquí, sin máis, /esgázase o meu poema». Non é esta, por certo a única alteración que Bodaño introduce nos seus poemas, a parte das obvias mudas léxicas por cuestións normativas, sempre a partir do dereito inalienable que cada artista ten de reformar a súa

obra. En todo caso non parece para mal semellante empeño por máis que ás veces un non remate de entender a necesidade. Véxanse a xeito de exemplo no poema «A Luís Pimentel», un dos mellores do libro, as diferencias entre a primeira e a terceira edición:

a onde Ela virá a te agardar a onde Ela virá para te agardar
co seu delantal cheo de versos recollendo no seu delantal un ramo de versos...

«Oracións para os vossos nomes», en fin, adopta o ton máis reivindicativo ou belixerante nos poemas «Eu sei que en cada tumba» e «No derradeiro mencer de Alexandre Bóveda» que son o segundo e o terceiro do libro para ir deixando que sexan Rosalía, Pimentel, Cabanillas, Maside e o propio pai do poeta quen se erixan en interlocutores-receptores da mensaxe poética de García-Bodaño, quen sen evitar o ton directo e xa que logo eficaz aposta –nunha característica recorrente en toda a súa obra– pola elegancia expresiva tan allea ao enfoque panfletario de moita da poesía sociopolítica daquela imperante.

Entramos agora nas primeiras mostras de poesía erótica por parte deste poeta que pasa polo amor tan de puntas coma unha sombra feita carne, e non obstante dunha maneira abondo radical. Os tres poemas de «Pregoeira de ledicia» exemplifican nidiamente esta posición extracorpórea, de puro esvaecida, pero tamén comunicativa no que supón de unión-posesión erótica. Neste senso o poeta que reivindicaba en «Galicia» un amor *total* desde unha posición patriótica (tema este recorrente na poesía galega moderna, e así, de primeiras, choutan os nomes de Manuel María, López-Casanova, Ferrín, Rodríguez Fer, Darío Xohán Cabana, Rábade Paredes), agora reivindica posición semellante desde un punto de vista *matrio*. *Total* tamén xa que

Na orixe das idades
ando a procurar músicas esquecidas
que terán de alegra-lo meu corazón
para que non sexa tan triste
cando ti chegues.

Hai aquí, pois, unha reivindicación do home de tódalas idades (para tódalas estacións) ao que apunta Jorge Luís Borges nalgún memorable poemà. Certo que o arxentino expresa isto coa súa característica frialdade e García-Bodaño, a cabalo entre Pedro Salinas e Pablo Neruda, optaba –segue optando como veremos– pola calor expresiva que é o mesmo que dicir pola autenticidade. E se «Pregoeira de ledicia» é o encontro erótico «O teu corpo florido» é a personificación do seu desenlace. Hai nesta sección un poema «No teu corpo deixei caer» con ecos de Miguel Hernández, «Canción del esposo soldado», Pablo Neruda, «Poema I» de *Veinte poemas de amor y una canción desesperada* ou mesmo do Raimon de «Treballaré el teu cos». E non estaría de máis lembrar que Salvador García-Bodaño fora o traductor ao galego, xunto a Carlos Casares, das cancións do de Xátiva no mítico recital que este dera no compostelán Estadio da Residencia en maio do 67.

Vitalismo o que está presente nos poemas dos autores xa sinalados; vitalismo tamén perceptible nos poemas de «O teu corpo florido», por máis que a parte do ton de ambigua relixiosidade, no que xa reparara Xavier Carro, un dos primeiros estudiosos da poesía de Bodaño, paire unha certa ameaza que, simbolicamente, aquí xorde representada pola noite. Así:

(Ven a noite sobre de nós
como un pano mouro
que o ceo lle dá a tua vergoña).

Versos do poema «Xa é noite de novo» no que entobado nun ton de aparente ledicia hai un contrapunto de penuria que por momentos podería recordar a melancolía esvaecida, que trasloce, por exemplo, a «Negra sombra» rosaliá. Que en todo caso resulta esconxurada no poema final desta sección, «¡Deus te salve miña dona chea de gracia!», sacralización dun tema profano a partir da estrutura cumprida dun prego convencional que non fai máis que afondar no sentimento confusamente místico do autor. Remata o libro con «Ausencia e noiva baixo as raíces», coa imposibilidade do amor *total*, alomenos para superar a penuria da vida, atopando expresión e canle. Aínda así poemas como o número 8, «Nos teus peitos novos/ tiñas un antigo tremor de tardes» presentan a incógnita de se é unha única muller a interlocutora do poeta. A protagonista deste poema, aparentemente morta, podería querer evocar ao amor ideal («para ser ausencia e noiva/ baixo tódalas raíces») quere indicar unha realidade definitiva. Sexa como fose aquí está unha das claves da poética de Salvador García-Bodaño, ese intento (polo demais hermético) de apreixar a realidade segundo se vai esvaecendo no aire. Velaí tamén o engado de moitos destes poemas, a cabalo, a forza de dúbidas e indecisións, entre o aquí e mailo alén. Dicur por último que na sección primeira de *Ao pé de cada hora* está un dos poemas máis populares de Salvador García-Bodaño, «Na branca sorrisa dunha onda», en parte pola versión musical que del fixera Aurichu Pereira e que canta, entre outros, Miro Casabella pero tamén porque no seu particular engado fican moitos dos motivos recorrentes na poesía de Salvador García-Bodaño, a saber: musicalidade, elegancia, e *last but not least*, misterio.

Tempo de Compostela

Despois de once anos de silencio e cando semellaba que Salvador García-Bodaño ía ficar en poeta dun só libro, excelente desde logo, pero senlleiro, aparece *Tempo de Compostela*³, unha publicación –a deste libro– moi oportuna pois veu, primeiro, recuperar a un poeta tan válido facéndoo, segundo, dentro do contexto do presunto alborear dunha idade de ouro da nosa poesía, na que, ao ben visto, non tiñan sitio os poetas de xeracións anteriores. Pois ben, coa perspectiva de hoxe cumpriría dicir que a presunta idade de ouro non foi tal e, así mesmo, que moitos dos poetas que xa despuntaran baixo o franquismo seguiron na crista da vaga. Entre eles García-Bodaño, naturalmente, pero –o que resulta tamén significativo– xentes prematura-

mente soterradas, como algúns dos poetas que aparecían na antoloxía –epigonal– de María Victoria Moreno, *Os novísimos da poesía galega*, co tempo haberían de producir froitos do máximo interese.

O primeiro *Tempo de Compostela* medrou cos anos, de maneira que *Obra poética* insire tamén os poemas que compoñían o libro *Compostela*⁴ «refundíndoos, xa que logo, nunha obra única e de nova traza, cuidadosamente reestructurada e de intención recompiladora das súas composicións de temática esencialmente compostelá»⁵.

Tempo de Compostela, segundo a versión definitiva vén resolto como un tríptico composto por «Poemas diacrónicos», «Poemas contemporáneos» e «Poemas nominados», sendo ao meu entender a segunda parte ou sección o cerne do libro. Pois o primeiro é unha mostra de virtuosismo do autor á hora de impostar diferentes voces e maneiras de facer a través do discorrer da nosa historia literaria, virtuosismo admirable en todo caso pero que non vén subliñar o mellor García-Bodaño que é, precisamente, o que no segundo apartado de *Tempo de Compostela* aborda con exactitude e madurez o eixo temático dunha cidade inmortal no tópico, chuvieñta no tópico, pero tamén cruel e dura. Como sabe recoller García-Bodaño no soneto «Dra pedra pedra pedra pedra» (entre parénteses direi que este un dos mellores poemas xamais escritos por Bodaño). Tamén que no seu achegamento ao paraíso e máis ao inferno da cidade seguramente máis tratada polos poetas galegos modernos ten poucos paralelos en fondura e autenticidade. Se cadra Fermín Bouza Alvarez co seu libro *Labirinto de inverno* ou Xosé María Alvarez Cáccamo en *De mañá qué medo*. Quizabes Méndez Ferrín co poema «Diante de Compostela doutros días». E sen dúbida calquera páxina da prosa quente de Suso de Toro. O demais, tantas veces esteticamente bo, é volver chover sobre mollado.

A terceira parte do peculiar tríptico de Salvador García-Bodaño leva por título «Poemas nominados» unha recorrencia evidente da «factoría» (tan escasamente productiva coma chea de calidade) García-Bodaño. Agora os invocados son Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Castelao, Carlos Maside, Fermín Penzol, Francisco Fernández del Riego, Luís Seoane e Ramón Piñeiro. Tres dos invocados-evocados, Rosalía, Cabanillas e Maside, xa estaban en *Ao pé de cada hora*, os restantes aparecen agora por primeira vez. Obvio dicir que a súa posición –a de todos eles– compostelá é a que lexítima a postura poética de Bodaño a prol das súas figuras, pero tamén de Compostela, cidade tan válida de seu como polas aportacións de quen a mudaron na súa segunda, ou primeira, morada. En todo caso, hai neste apartado poemas absolutamente maxistrais, dos que postos a escoller, eu ficaría co chamado «Ramón Piñeiro na cela do pensamento» non xa soamente polo cumprido retrato que nel se fai de Piñeiro máis tamén por mor das suaves asonancias que contén e que lle dan un aire esvaecido a ton coas *persianas de sombra* (sobranceira imaxe) que nel se evocan. Asonancias ás que tan ben semella terlles collido o ton o Salvador García-Bodaño e que así mesmo percorren os poemas dedicados nesta sección a Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Carlos Maside ou Luís Seoane. E Ramón Piñeiro, claro.

4. Barcelona: Talleres Gráficos Iberia, 1989.

5. *Obra poética*, cit., p. 69, aviso previo a *Tempo de Compostela*.

Poemas de emerxencia, *ma non troppo*

Continuación case que natural deste terceiro apartado de *Tempo de Compostela* sería o libro que agora pide paso no ritmo ben ordenado, xa se dixo, de *Obra poética*. Continuación obvia porque «As palabras e os días» é un subtexto cheo de nomes propios, tamén de ocasións dignas de lembranza. ¿É Bodaño, pois, un poeta protocolario?. Segundo e conforme que diría un personaxe de Unamuno. Porque se ben García-Bodaño gusta de participar en homenaxes non é menos certo que semellantes ocasións van poñendo a andar unha pluma –no bo senso– preguiceira. E, en última instancia, cabería dicir que benvida sexa tal veta protocolaria que non provoca senón poemas excelentes. Así as cousas eu teño que concordar de novo con Basilio Losada quen no prólogo de *Obra poética* di:

O lector ten a impresión de que non hai no país homenaxe, festa cívica, conmemoración xusta ou celebración memorable na que non estea Salvador García-Bodaño, sempre movilizado por toda causa xenerosa, cun poema maxistral.

Non sería agora cousa de analizar polo miúdo os poemas nin os parámetros ideolóxicos (por certo que ben comprometidos) que compoñen esta sección. Nin sequera de citar meticulosamente a nómina dos homenaxeados por Salvador García-Bodaño. Dicir, así e todo, que se a irregularidade, como por outra parte cabería agardar, é a tónica predominante nestes poemas (hainos excelentes e outros poucos significativos), hai un dato que chama especialmente a atención: o Bodaño solemne e maxestático, poemas a Machado e Neruda por exemplo, perde moito á beira do Bodaño tenro, lilán, xoguetón, sinxelo, cómodo no que di e na maneira de dicilo, e se as mostras poden ser moitas eu optaría por sonetos como os titulados «O galo» ou «Nunha mostra pictórica de Miguel Docampo» ou os dous rematados cun final-trallazo, o primeiro mesmo sorprendente, o segundo en exabrupto.

Entendo, así mesmo, que o Bodaño ecoloxista máis eficaz non é, non pode ser, o de poemas como «Sinais de apocalipse», escrito dunha maneira na que a voz do autor semella impostada. A voz, digo, que non o ton, innegablemente auténtico e sincero. E digo impostada porque a voz de García-Bodaño é musical sobre todo e, despois, elegante. E «Sinais de apocalipse» de puro solemne ou grave semella ter perdido a lixeireza entre

o mercurio
e o cemento
e o carbónico
e o átomo radioactivo
e a alúmina.

A work in progress

Como unha obra en marcha, e non doutra maneira, pode entenderse a feitura, por outra parte impecable, de «Poemas de amor a Xulia», que é a despedida cabal a un libro en todo caso aberto. Aberto sen dúbida porque precisamente «Poemas de amor

a Xulia», na súa curta extensión, na sensación de que cala moito máis do que di, semella anunciar posteriores entregas de García-Bodaño. Mentres que estas chegan digamos que aquí están, serodios e sobranceiros, algúns dos mellores poemas eróticos destes anos. Entendendo agora o erotismo na súa dupla acepción: a literaria e a coloquial. Pois se desde a idade madura o poeta recupera a vida da man do amor novo acabado de atopar, non é menos significativa a xuntanza dos corpos «exhaustos,/inmóviles como un fotograma erótico». Versos, estes dous, dun poema soberbio situado estratexicamente no final do libro e que remata, xustamente, coa seguinte estrofa:

O meu arado afonda na túa terra,
miña amada,
cumprindo un vello afán
de anovadas sementeiras.

Poema que por forza fai que ciemos cara ao primeiro libro de Salvador García-Bodaño, aquel no que un poema pricipiaba deste xeito:

No teu corpo deixei caer
semente da miña carne,
semente da miña alma.

Se cadra porque a poesía, como a vida, ten algo de cíclica.

Vicente Araguas
Madrid